

DOCUMENTO ADMINISTRATIVO POLO QUE SE FORMALIZA A ENTREGA E ACEPTACIÓN POLO EXCMO. CONCELLO DE PONTEVEDRA, DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO 1 DA UNIDADE DE ACTUACIÓN NÚMERO 2 DO P.X.O.U./RUA LUIS OTERO E AVDAS. DE COMPOSTELA E JUAN BAUTISTA ANDRADE, EFECTUADA POR PRYCOGA S.L..

Na Casa do Concello de Pontevedra, ás dez horas do día once de abril de dous mil tres.

### REUNIDOS

-Por parte do Excmo. Concello de Pontevedra:

Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Teniente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, por delegación do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Pontevedra, actuando en nome e representación do mesmo e no exercicio das atribucións conferidas pola lexislación de réxime local.

Don Enxeñeiro Xefe da Oficina Técnica Municipal de Enxeñería, Infraestructura e Medio Ambiente

Don Arquitecto Xefe da Oficina Técnica Municipal de Arquitectura.

Por parte da entidade mercantil "PRYCOGA S.L.", como propietaria única do polígono 1 da Unidade de Actuación nº 2, don administrador único da mesma.

Don como arquitecto director das obras de urbanización.

Don como arquitecto técnico director das obras de urbanización.

As partes recoñécense capacidade legal para o outorgamento deste documento, que se asina perante mín, don Julio Dapena Outomuro, Secretario Xeral do Excmo. Concello de Pontevedra, e a tal fin,

## EXPOÑEN:

1º.- O Pleno da Corporación, en sesión de 30/10/97, aprobou definitivamente a modificación da delimitación da Unidade de actuación nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Urbana, sita entre as Avenidas Juan Bautista Andrade e de Compostela e a rúa Luis Otero, co fin de regulariza-la delimitación entre o rúeiro 20 e esa unidade de actuación e homoxeneiza-los fondos edificables do referido rúeiro. Tal acordo comunicouse á C.P.T.O.P.V. o 17/11/97 con notificación ós interesados e publicación no B.O.P. nº 223 de 18/11/97 e D.O.G. nº 224 de 19/11/97.

2º.- O Pleno da Corporación do Excmo. Concello de Pontevedra, en sesión de 25/03/2000, acordou prestar aprobación definitiva ó denominado texto refundido do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación número 2 do PXOU, sita entre as rúas Juan Bautista Andrade, Luis Otero e Avenida de Compostela –que contén entre as súas determinacións a delimitación de dous polígonos para a súa xestión a través do sistema de actuación denominado de compensación- sendo este instrumento urbanístico de desenvolvemento formulado, mediante iniciativa particular, por “PRYCOGA, S.L.” e redactado polo Arquitecto don \_\_\_\_\_ sendo visado pola Delegación en Pontevedra do COAG en data 24/9/98 –como refundido dos documentos anteriores- e cadros nº 1, 4.2.1, 4.3 e planos 6.1 e 6.2, presentados o 26/10/98 a través do Rexistro Xeral de entrada de documentos do Concello que reforman e anulan ós seus correlativos anteriores, efectuándose as notificacións, comunicacións e publicacións procedentes, dispoñendo este instrumento urbanístico de desenvolvemento da correspondente eficacia e executividade.

En concreto foi publicada a súa normativa no “Boletín Oficial” da Provincia número 70 de 10/04/00 e o anuncio da súa aprobación definitiva no “Diario Oficial” de Galicia nº 71 de 11/04/00.

3º.- A Comisión de goberno, na sesión de 5/02/01, acordou aprobar definitivamente o proxecto de compensación deste Polígono nº 1 da Unidade de Actuación nº 2, tamén formulado por “PRYCOGA S.L.” e redactado polos avogados dona \_\_\_\_\_ e don \_\_\_\_\_ coa finalidade de proceder á xestión e execución urbanística deste ámbito espacial de equidistribución.

O devandito acordo notificouse ós interesados e publicouse no Diario de Pontevedra de 19/02/01 e Diario Oficial de Galicia núm. 39, de 23/02/01, con comunicación no xeito legalmente establecido á C.P.T.O.P.V. o 24/04/01. Certificación administrativa expedida por esta Administración urbanística actuante, da aprobación definitiva do proxecto, emitida coas solemnidades esixidas para os acordos desta Administración municipal, inscribiuse no Rexistro da Propiedade nº 1 de Pontevedra, presentándose neste Concello o un de xuño de 2001.

4º.- A Comisión de Goberno, en sesión de 26/03/01, acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización do Polígono nº 1 da Unidade de actuación nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Urbana, sita entre as rúas Luis Otero e a Avenida de Compostela, formulado por “PRYCOGA, SOCIEDAD LIMITADA” e redactado polo Arquitecto don \_\_\_\_\_ con visado da Delegación en Pontevedra Do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 16/11/99. Previamente a este acordo a promotora constituíu fianza en contía de 217.633,72 € para garanti-la execución das obras previstas no proxecto de urbanización. Este

acto notificouse ós interesados e remitiuse o oportuno anuncio no BOP de 19/04/01 e DOG 17/04/01.

5º.- O 21/02/03 a entidade mercantil "PRYCOGA S.L." interesou que pola Administración Municipal se aceptase a execución das obras de urbanización da parte do Polígono ou Unidade de Actuación finalizada, achegando plano nº 6 con visado colexial de 7/03/03, anexo de final de obra que contén informes das empresas subministradoras de "Unión Fenosa", "Telefónica de España", "Gas Galicia" e da empresa "R", sobre a aptitude dos servicios instalados, así como certificado oficial de remate de obras suscrito polos técnicos directores da obra con visado dos respectivos colexios oficiais de data 20/12/02.

6º.- O Arquitecto Xefe da Oficina Técnica Municipal de Arquitectura, unha vez examinada toda a documentación e xirada visita de inspección á urbanización estimou non existir inconveniente en que se acceda á recepción da mesma e se devolva o aval depositado, emitindo informe favorable o 20/03/03

O Enxeñeiro Xefe da O.T.M.A.I.I. o 7/04/03 emitiu informe, tras xirar visita de inspección, no que indica que no existe inconveniente na recepción das obras de urbanización, achegando informe da empresa AQUAGEST S.A., de 14/02/03 concesionaria do Servicio Municipal de augas.

En base ós antecedentes sinalados, os comparecentes, mediante este documento administrativo,

#### OUTORGAN:

PRIMEIRO.- A entidade mercantil "PRYCOGA S.L.", cede e entrega ó Concello de Pontevedra, as obras de urbanización de praza e viais, instalacións e dotacións executadas no eido do polígono 1 da Unidade de Actuación nº 2 do Plan/ Rúas Luis Otero e Avenida de Compostela, intervención urbanística realizada de conformidade co "Proxecto de Urbanización da U.A. nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Urbana-Luis Otero- Avda. de Compostela, redactado polo Arquitecto , visado polo seu colexio profesional o 16/11/99 e que foi aprobado definitivamente pola Comisión de Goberno, na sesión que tivo lugar o 26/03/01, contando con certificado oficial de remate de obras suscrito polos técnicos directores don con visado colexial de 20/12/02.

SEGUNDO.- En consecuencia co antecedente anterior, o Concello de Pontevedra acepta as obras, instalacións e dotacións integrantes do proxecto de urbanización aprobado e executado e toma posesión nesta data dos viais e praza coas obras executadas e citadas integrantes do mesmo, sen prexuízo dos defectos que poideran detectarse nas mesmas, quedando afecta a

garantía constituída por importe de 217.633,72 € (douscentos dezasete mil seiscentos trinta e tres con setenta e dous euros) á correcta execución desa urbanización, durante o prazo dun ano computado dende a data de sinatura deste documento.

Os outorgantes, despois de leída a presente acta, amosan a súa conformidade, a ratifican e asinan por cuatuplicado exemplar, o que eu o Secretario Xeral deste Excmo. Concello de Pontevedra, no exercicio do meu cargo, no día sinalado, CERTIFICO.

POLO EXCMO. CONCELLO  
O TTE. ALCALDE,

POR "PRYCOGA S.L."

Asdo: Xosé Cesárero Mosquera Lorenzo.

Asdo:

O ENXEÑEIRO MUNICIPAL

O ARQUITECTO XEFE DA O.T.A.

Asdo.:

OS TÉCNICOS DIRECTORES DAS OBRAS,

Asdo:

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Julio Dapena Outomuro.